

CALIDADE DA LA - Consellos ao gandeiro para a obtención de la de calidade

O MAGRAMA publicou un folleto titulado: "Consejos al ganadero para la obtención de lana de calidade", con este folleto preténdese sensibilizar ós produtores de ovino sobre un bo tosquiado é imprescindible para revalorizar a la. Polo tanto, ofrécese unha serie de consellos:



1) Clasificar o rabaño antes de tosquiar. Separar as ovellas con las atípicas, sucias ou enfermas para tosquiar aparte. Se aparta as ovellas atípicas (ovellas de color e as cordeiras) facilitar a clasificación da la e a súa comercialización por calidade.

2) Elixir unha nave apropiada para o tosquiado, con suficiente luz e limpa de esterco, restos de palla, cordas de plástico e calquera impureza. O tosquiado hai que realizalo sobre unha base limpa.

3) Os animais deben tosquiarse secos. A la, se está húmida, fermenta, perde a cor e resistencia da fibra. Pode chegar a perder todo o seu valor comercial.

4) Infórmese sobre as marcas de pintura nas ovellas, xa que algunhas marcas comerciais específicas para o gando ovino, poden danar a la. Non se deben marcar as ovellas con alquitrán nin con tintes que o conteñan como compoñente. Débense empregar tintes que se poidan eliminar con facilidade no proceso industrial de lavado da la.

5) Non atar os animais durante o tosquiado.

6) Non repase. Os dobres pases no tosquiado recortan a lonxitude da fibra.

7) Clasifique correctamente a la. Envase a la separando os vélaros das distintos tipos de ovellas. Non xunte las de distintas cores.

8) Non utilice cordas de plástico para atar os sacos (ou fardos) de la. As grampas metálicas ou cordas de pita ou outro materia vexetal son mellores. Non se deben empregar envases de plástico reutilizados, xa que as fibras de plástico contaminan a la.

Dende OVICA recordaremos estes consellos antes da vindeira campaña de tosquiado.



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 78 NOVEMBRO-DECEMBRO 2012

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

FIXADA A AXUDA Ó SECTOR OVINO-CAPRINO 2012

O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) publicou o importe unitario das axudas para compensar as desvantaxes específicas que afecta ós gandeiros do sector caprino. Este valor obtívose ao repartir o límite orzamentario de 4.700.000 € entre as 970.396 cabras comunicadas polas Comunidades Autónomas. Como resultado os gandeiros que solicitaron a axuda cobraron 4,84 €/animal. Este mes de decembro o FOGGA fixo os pagos desta axuda e mandou as mensaxes ó móbil dos solicitantes. No sector ovino seguimos á espera que nas vindeiras datas ter os importes unitarios destas axudas.

AXUDA SECTOR OVINO-CAPRINO 2013

Para este vindeiro ano, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) ven de reducir o importe total das axudas nun 6%. Esperemos que a baixada no censo en España poida manter o importe unitario destas axudas.

RETRASO NA POSTA EN MARCHA DA NOVA PAC 2014-2020

Xa é un feito, a pasada semana fronte á falta de acordo sobre os orzamentos da Unión Europea deuse por feito o aprazamento da posta en marcha da nova PAC para a campaña 2015. Sen ter un acordo concreto sobre o orzamento definitivo da PAC, os acordos sobre a súa definición e aplicación retrasaranse, deste modo desde Bruselas prevese que para o 2014 se prorrogue o sistema actual, e xa no 2015 se poida empezar a aplicar a nova Política Agraria Común.

DESVELLE

A primeiros de ano, intentaremos organizar a recollida de animais de desvelle nas explotacións que o desexen. Na actualidade existen operadores interesados en realizar unha proba deste tipo, co obxectivo de lograr un sistema de recollida permanente ó longo do ano para os socios de OVICA. Prégase a todos os interesados en retirar algun animal de desvelle nas próximas datas se poñan en contacto con OVICA o antes posible.

COMPRA – VENTA

- Véndense 6 cabras e 1 macho Murciano-Granadinas – 981 482 528 – Cedeira (A Coruña)
- Véndense dereitos de pago único normais – 636 245 323 – Oímbra (Ourense)
- Intercámbianse machos de ovino e caprino – 686 457 216 – 622 601 093 – Pantón (Lugo)
- Véndese Pickup Tata, autorizado para o transporte de animais – 686 457 216 – 622 601 093 – Pantón (Lugo)
- Regálanse cachorros de un mes, cruce de mastín – 686 457 216 – 622 601 093 – Pantón (Lugo)
- Véndense cachorros de Border Collie – 676 030 978 – Portomarín (Lugo)
- Ofrecese traballador con experiencia para explotación de ovino/caprino – Provincia de Ourense – 639 600 926
- Véndense cachorros de Mastín Leonés – 639 925 690 – Friol (Lugo)
- Véndense un can Border Collie macho traballando con ovellas – 620 295 920 – Boimorto (A Coruña)
- Véndense rabaño 25 cabezas, raza INRA – 666 159 761 – Meda (A Coruña)
- Véndense cabrito de recría de cabra galega – 677 072 269 – (Lugo)
- Véndense rabaño de 50 ovellas – 981 695 044 – 616 622 658 – Tordoia (A Coruña)



**DENDE OVICA QUEREMOS
DESEXAVOS FELICES FESTAS
E PRÓSPERO ANINOVO !!!**

**Con este Boletín recibides tamén o
calendario do 2013**



CAIXA RURAL GALEGA

NOVAS BREVES

Fontes: Oviespaña, Agrodigital, CCAE, Agroinformación, Boletín agrario e infoagro, ...

CONSUMO – Descende un 10 % o consumo de carne de ovino e caprino no último ano.

Os fogares españois gastaron 67.559 millóns de euros en alimentación no último ano móbil (de outubro 2011 a setembro 2012), un 0,5% máis que no mesmo período do exercicio anterior, cunha lixeira redución nos prezos medios (-0,4%). Datos do MAGRAMA.

ALIMENTACIÓN – Os pastos ecolóxicos e a herba alta mellora na calidade da carne de cordeiro en pastoreo

O Institut National de la Recherche Agronomique (INRA, Francia) realizou un estudo co obxectivo de comparar os efectos do modo de produción agrícola (convencional fronte a ecolóxica) e o nivel de dispoñibilidade do pasto (baixa fronte a alta), sobre a calidade nutricional dos ácidos graxos (AG) da carne de cordeiros en pastoreo.



O experimento levouse a cabo con 48 cordeiros castrados, nados entre o 17 de marzo e o 5 de abril que se dividiron ao destete en 4 grupos de 12 animais en función do seu peso ao nacemento e ao destete e a súa idade. Estes cordeiros pastaron nas súas nais dende o 10 de maio e o destete fíxose o 21 de xuño. Os cordeiros alimentáronse unicamente con pasto ata o momento do sacrificio, ós 35 kg de peso vivo. O estudo tivo como factores experimentais o modo de produción (convencional ou ecolóxica) e o nivel de dispoñibilidade de pasto (alto ou baixo). A diferenza entre os pastos ecolóxicos e convencionais foi o nivel de nitróxeno (0 UFN/ha e ano fronte a 100 UFN/ha e ano), diferencial aplicado nos 10 últimos anos.

Os resultados amosaron que non houbo efecto no modo de produción ou do nivel de dispoñibilidade de herba no contido total de AG no músculo. Sen embargo, si se constatou efecto sobre a composición porcentual da maioría dos ácidos graxos individuais. O método de produción ecolóxico aumentou a calidade nutricional da carne de modo moi significativo, xa que diminuíu a porcentaxe de ácidos graxos saturados e aumentou a relación de ácidos graxos poliinsaturados/ácidos graxos saturados e a porcentaxe de CLA.

España – Os orzamentos xerais do estado (OXE) para o 2013 abandonan definitivamente a gandería

Os sectores gandeiros amosámonos contrarios ao proxecto de OXE ao considerar que "abandonan definitivamente" a produción gandeira en España.

Nestes orzamentos destacan os enormes recortes en partidas relacionadas coa sanidade animal, en concreto elimínase a partida destinada ás Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) e unha redución dun 30% na partida de control e erradicación das enfermidades animais. Non podemos permitirmos o luxo de descoidar a sanidade dos nosos rabaños.

A estes recortes hai que sumarles os xa anunciados sobre as axudas ao sector ovino – caprino das axudas para compensar as desvantaxes específicas que afecta ós gandeiros dos sectores e os dos apartados de seguros gandeiros, que seguirán reducíndose.

PRODUCCIÓN – A falta de leite de cabra en Europa provoca un aumento das exportacións

Os problemas de abastecemento que están tendo as industrias europeas provocaron o aumento da demanda do leite español. Un dos países máis afectados é Francia, que veu reducido o seu censo nestes últimos anos por problemas de rendibilidade, o que provocou un descenso na produción. Por outra parte, Holanda tamén tivo unha redución da produción debido ós problemas de febre Q que afectaron a súa cabana de caprino.

EUROPA – A USC solicita en Bruxelas o apoio e a protección dos sistemas agroforestais na reforma da PAC

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) solicitou nunha conferencia en Bruxelas o apoio e a protección dos sistemas agroforestais na reforma da PAC. No encontro reuníronse cun grupo de parlamentarios comunitarios co obxectivo de facerlles chegar as propostas para o sexenio 2014-2020 e que se resumen na aplicación dos principios da agrosilvicultura. A profesora da Esco Politécnica Superior da USC Rosa Mosquera Losada insistiu no "mantemento de sistemas agroforestais como a devesa, xunto ó establecemento de novos sistemas agroforestais para producir madeira de calidade e a introducción de gando en terreos forestais co obxectivo de reducir o risco de lume.



Foto: USC

Isto debe promoverse de maneira decidida a nivel nacional e europeo". Para quen "desde as institucións europeas se percibe una gran receptividade por esta forma innovadora de facer agricultura".

GANDERÍA – A cotitularidade das explotacións segue sen ser unha realidade

A titularidade compartida das explotacións agrarias converteuse nunha posibilidade para ás mulleres rurais o pasado 5 de xaneiro coa entrada en vigor dunha lei moi reclamada por este colectivo. Sen embargo, case un ano despois aínda non se traduciu en realidade, só 6 explotacións se rexistraron para beneficiarse desta lei. O MAGRAMA explicou que "aínda que se desenvolveron as actuacións previstas na lei, aínda non se ten obtido a resposta adecuada". As asociacións de mulleres rurais apuntan que a situación de crise dificulta que se paguen as cuotas á Seguridade Social e que o desinterese de algunhas administracións e a falta de información a posibles beneficiarias freou o avance desta norma.

GANDERÍA – A gandería extensiva, unha inversión de futuro para a prevención de incendios forestais

No Grupo de Investigación Especializado en Sistemas Agro-silvo-pastorales sostibles do Centro de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentaria de Aragón e da Universidade de Zaragoza lévase dende o 2003 analizando a relación entre a gandería extensiva e a evolución vexetal.

Un dos seus investigadores, Alberto Bernués afirmou que, debido á redución da cabana gandería extensiva, a biomasa se acumula, sobre todo en forma de materia seca, polo que a combustibilidade é maior e se fai máis difícil a prevención.

Bernués defende esta produción polas súas vantaxes medioambientais e pola prestación duns servizos cada vez máis valorados pola sociedade, como son o coidado do contorno a través da prevención dos incendios forestais.

"Pode que a gandería extensiva non sexa tan eficiente e rendible, pero é máis autosuficiente", xa que o pasto e case de balde e soe estar ligado a produtos de "moi alta calidade" como o queixo ou a carne.

Desde fai anos este grupo de investigación fai fincapé na necesidade que as políticas agroambientais se destinen ás explotacións que fan un uso sostible de territorio e dos recursos pastables.

Esta opinión é compartida polas organizacións profesionais agrarias (como OVICA), que reclaman tanto ao Goberno como á Comisión Europea un maior apoio á gandería extensiva (principalmente de ovino, caprino) e que se valora o seu traballo na protección do medio ambiente o seu papel á hora de manter o medio rural.

